

KRISTINA BERG PRESIDENTA DA FUNDACIÓN CARLOS CASARES

«Carlos atendía máis á cultura galega que ao seu labor literario»

A viúva do escritor prosegue os seus proxectos dende unha fundación

JORGE LAMAS
VIGO / LA VOZ

Dende a Fundación Carlos Casares, Kristina Berg trata de manter vivo o espírito conciliador que amosou durante a súa vida o seu marido, así como difundir o seu legado literario.

—**¿Que significaba para Casares o seu artigo diario en La Voz de Galicia?**

—Segundo os días. Tiña que entregar o artigo antes das dez da noite e se xa cedo conseguía un tema pasábao ben, incluso se divertía escribindo. Pero houbo días nos que ata as nove da noite non había tema, e entón pasábao mal.

—**¿E o comentaba?**

—Sí, dicíame se o podía axudar. Eu, ás veces, incluso lía xornais suecos para ver se podía axudalo. Cando el aceptou facer a columna diaria, despois de pensalo moito, díxéronlle que ao mellor sería bo que adiantase algúns artigos por se algún día andaba apurado. El dixoo que non, e non o fixo nunca. El comprometeuse a facer un artigo diario e consideraba que tiña que ser fresco. Carlos era home de palabra.

—**¿Que foi do gato «Samuel»?**

—Sobreviviu a Carlos, pero un verán, que eu estaba en Suecia, os veciños atoparon o gato morto fóra da casa, atropelado por un coche. Nunha rúa sen saída. Non se explica.

—**Alén a faciana literaria, Casares representou sempre un papel conciliador na Galicia do cambio**



Berg subliña a capacidade de Casares para a narración oral. XOÁN C. GIL

de século. ¿Está de acordo?

—Si, o seu falecemento, que foi unha sorpresa porque se coidaba moito e non tiña ningunha enfermidade, impediu que culminase algúns proxectos. Por iso nós, dende a fundación, pensamos que tiñamos que seguir o seu

traballo. Eu moitas veces pensei que Carlos se dedicaba máis ao traballo pola cultura galega e por tender pontes entre diferentes posturas que ao seu labor literario.

—**¿El tamén tiña esa percepción?**

—Si.

—**A partir deste ano, xa está aberta a posibilidade de que se lle dedique o Día das Letras Galegas. ¿Que pensa?**

—Iso é unha cousa da Real Academia Galega. Segundo os seus estatutos, a persoa a quen se lle dedica o día ten que ser relevan-

te e pasar dez anos dende o seu falecemento. É o que sei.

—**Relevante si era, e xa se cumpron dez anos.**

—Si, pero é cousa da Academia.

—**¿Está publicado todo o material literario de Casares?**

—A fundación está catalogando todo. Se hai cousas inéditas non o sei, é posible. Carlos era moi autocrítico e traballaba moito os seus textos. Para rematar un folio, escribía dez ou vinte. Se houbo algo inédito é moi posible que el non quixera editalo.

—**¿Era un bo narrador oral?**

—Estupendo. Durante os trinta anos de matrimonio, imaxina que en ceas, tertulias, etcétera, é posible que eu teña escoitado moitas veces unha historia contada por el, con máis ou menos o mesmo contido, pero sempre resultaba fascinante porque a súa maneira de narrar te prendía. Nunca coñecín a unha persoa que soubese contar tan ben como Carlos. El non era unha persoa que quixese figurar ou chamar a atención, nin moito menos, incluso era tímido, pero se algún lle tiraba da lingua, el contaba, e a xente quedaba encantada.

—**¿Que idea lle gustaría que quedara nos galegos de Casares?**

—Teño coñecido nenos que non coincidiron con Carlos, pero que agora len os seus libros e falan del con moito cariño. Eu non podo desexar máis porque é moi bonito que se me achegue xente que eu non coñezo e me diga cousas boas del. ¡Que máis podes pedir!



A imaxe é de Ramón Loureiro.

La Voz ofrecerá mañá un libro cos mellores artigos do autor na sección «Á marxe»

REDACCIÓN / LA VOZ

Entre 1988 e o 2002 Carlos Casares non fallou na súa cita diaria cos lectores en La Voz de Galicia. A súa sección *Á marxe* gozou dunha gran popularidade grazas aos temas que abordaba o escritor, o seu estilo directo e sinxelo e o sentido do humor que impregnaba os seus textos. Aquela fermosa relación entre autor e público quebrouse o día do seu falecemento, o 9 de marzo do 2002, cando apareceu á súa derradeira *marxe*; no xornal do día seguinte a súa columna apareceu en branco.

Agora, cando se cumpren os dez anos do pasamento de Casares, La Voz quiere lembrar as súas irrepitibles columnas e co diario de mañá ofrecerá aos seus lectores un libro que recolle algúns dos seus mellores artigos de *Á marxe*. Son 59 colaboracións que percorren o máis destacado do persoal universo que Casares foi quen de crear día a día, dende a súa infancia en Xinzo, as viaxes que o levaron a percorrer o mundo, o impacto que tivo a democracia de Suecia no seu pensamento, a gastronomía ou ese personaxe célebre de *Á marxe*, o gato Samuel. Ademais, o volume, que se pode adquirir co xornal por só un euro, inclúe *Carta aberta a un político galego*, co que Casares gañou en 1983 o Premio Fernández Latorre.

Carlos Casares en La Voz de Galicia está ilustrado cos traballos de Siro, Abroades, Pinto&Chinto, Xosé Tomás, Matalobos, Xaquín Marín, Pepe Barro, Meixide, Leandro e Kiko Da Silva e ten na capa un retrato que fixo do escritor Ramón Loureiro. O tomo complétase con artigos de Kristina Berg, Xosé Luís Barreiro Rivas e Xesús Fraga.

De viaxe con Casares

Entre as moitas travesías que fixemos xuntos, a que mellor lembro, agora, foi de nove xornadas, do 22 ao 30 de setembro, 1989. Tratábase da nosa primeira comparecencia como membros do PEN Internacional, no 54.º Congreso de escritores organizado, a medias, entre canadinos (Toronto) e quebecuás (Montreal). Casares, aínda que semellase o contrario, era un viaxeiro organizado. Tratába de aproveitar o tempo todo, incluídas as esperas. Nada de botar unha cabezadiña; ler algo e, sobre todo, falar. Mais que ninguén pense en temas chumbizos e eruditos. Nada diso, as con-

versas con Carlos resultaban, polo menos, entretidas. E de aí para arriba, ata a altura máxima, o que el denominaba «historias cómicas». Daquela, imposible reprimir as gargalladas. Disfrutabamos, tamén, con xogos *ad hoc*. Por exemplo, situados comodamente nun lugar central do aeroporto, por onde pasase moita xente, procurabamos persoas parecidas a escritores: «Mira, mira, non te perdas a don Ramón Otero Pedrayo. Si, o de sombreiro negro; mesmamente cuspidiño». Pero, voltemos a aqueles días inesquecibles no Canadá. Primeira noite: o hotel cádranos, fronte por fronte, co *Toronto Star*, xornal do que Hemingway fora enviado espe-

cial na década dos anos vinte, logo, a ledicia de confirmarmos a presenza de Néliida Piñón, a brasileira-galega e, por riba, un poeta paraguaio, José Antonio Bilbao, que senta conosco no *hall* acompañado dun nepalí, Prakash Raj, que non fala máis que a súa lingua, pero que comparte, con laios e acenos, a perda da valixa do seu amigo. E así sucesivamente: un tren con cinco centos escritores ata Montreal, un lío tremendo cun tipo da axencia organizadora, ao que Carlos increpa, en francés, facendo valer o noso dereito a cambiar de mesa, para almorzar e rir con Lygia Fagundes Telles, Ana Hatherly e Néliida... En fin, un puro disparate.

Luís G. Tosar